

prensa@xornalgalicia.com

De: <prensa@xornalgalicia.com>
Fecha: miércoles, 18 de septiembre de 2019 10:36
Para: "Manuel Meiriño Sánchez" <meirino.manuel.abogado@hotmail.com>
Adjuntar: 180919FeijooCentreGallegoComodoro.MP3; 180919FeijooColectividadeComodoro.doc
Asunto: Fw: Nota e audio: FEIJÓO CONVOCA AOS GALEGOS DE ARXENTINA A SER OS MELLORES EMBAIXADORES DO PRÓXIMO XACOBEO 2021 PARA DAR A COÑECER A MELLOR GALICIA DA NOSA HISTORIA

From: [Comunicación da Xunta de Galicia](#)

Sent: Wednesday, September 18, 2019 8:33 AM

Subject: Nota e audio: FEIJÓO CONVOCA AOS GALEGOS DE ARXENTINA A SER OS MELLORES EMBAIXADORES DO PRÓXIMO XACOBEO 2021 PARA DAR A COÑECER A MELLOR GALICIA DA NOSA HISTORIA

O presidente da Xunta visitou o Centro Gallego da cidade arxentina de Comodoro Rivadavia

FEIJÓO CONVOCA AOS GALEGOS DE ARXENTINA A SER OS MELLORES EMBAIXADORES DO PRÓXIMO XACOBEO 2021 PARA DAR A COÑECER A MELLOR GALICIA DA NOSA HISTORIA

- ***“O Xacobeo 2021 será unha festa sen fronteiras e pídivos que sexades os seus mellores embaixadores como o fostes sempre da vosa terra”, di***
- ***Destaca que, no próximo Ano Santo, Galicia converterase “nunha terra á que vir e á que volver coa certeza de atopar algo novo, unha versión distinta do que somos”***
- ***Co obxectivo de que a Comunidade faga honra á súa tradición como punto de encontro de culturas, asevera que xa se está a traballar nesta celebración que implica a todos os galegos***
- ***Agradece ao Centro Gallego de Comodoro Rivadavia, que está a punto de ser centenario, a súa vocación por ter Galicia sempre presente, cun museo dedicado á emigración galega ou cunha biblioteca con máis de 3.000 volumes***
- ***Recorda que as irmandades, as casas de Galicia e os centros galegos son exemplo dunha maneira de entender a galeguidade dunha forma aberta e tolerante***